

A Federación Down Galicia e as súas entidades membro teñen implantado un Sistema de Xestión de Calidade integral baseado na Norma ISO 9001 en todas as actividades e programas das áreas de Atención temperá, Inclusión educativa, Formación e Emprego, Vida adulta e Independente, Área Complementaria e Área Transversal.

MISIÓN

Apoiar o labor das entidades da Federación no traballo pola inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a través de apoios personalizados ao longo da súa vida e da súa participación nos recursos existentes para toda a poboación.

PRINCIPIOS

- ☺ **Diversidade:** Todas as persoas somos diferentes
- ☺ **Dignidade:** Respéctame e valórame
- ☺ **Poder de decisión e independencia:** “Eu decido na miña vida”
- ☺ **Igualdade de oportunidades:** “Coma ti, podo con apoio”
- ☺ **Inclusión e participación:** “Estou presente e avanzo na sociedade”
- ☺ **Accesibilidade:** “Acabemos coas barreiras que condicionan a miña vida”

VALORES que sustentan a filosofía e servizos que realiza a Federación e as súas entidades membro:

Reivindicación

Defendemos os dereitos, deberes e liberdades das persoas coa síndrome de Down e calquera outra discapacidade intelectual a través dos nosos principios e valores, desenvolvendo políticas efectivas acordes coa “Convención Internacional de Naciones Unidas sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad”.

Uso dos recursos da comunidade

Fomentamos a utilización das instalacións, recursos e servizos destinados á poboación en xeral existentes na sociedade, tanto públicos como privados.

Consideramos que estes recursos deben ser empregados por todas as persoas, en igualdade de condicións, evitando o illamento e a exclusión, así como a segregación en espazos específicos só para persoas con discapacidade.

Unión

As entidades Down están conformadas por familias, unidas pola mellora na calidade de vida das persoas coa síndrome de Down ou outras discapacidades intelectuais.

Coa súa forza, impulsan á Federación a levar a cabo a súa misión, que respecta o ámbito de decisión de cada unha das entidades da Federación e procura o consenso nos aspectos que sexan de interese común.

Xestión responsable

Traballamos de xeito independente e comprometido para conseguir a mellora continua. Buscamos a satisfacción de todos os nosos grupos de interese e aseguramos a transparencia, a efectividade e a coherencia nas nosas actuacións, así como a mellora da competencia profesional e o talento dos equipos a través da formación e o coñecemento compartido.

Así mesmo, coordinámonos cos recursos existentes na comunidade e sensibilizamos á sociedade sobre os dereitos das persoas con discapacidade e a importancia da provisión de apoios para estas e as súas familias.

A Federación e as súas entidades membro asumen os seguintes **compromisos** cos seus grupos de interese:

PARTE	NECESIDADE
Entidades membro	• Que lle aporte financiamento • Que reciban un reparto xusto dos recursos da Federación • Recibir servizos de apoio de calidade • Dar resposta á situación xerada durante a pandemia
Persoas coa síndrome de Down e outras discapacidade	• Ser escoitados e tidos en conta • Recibir servizos de calidade axustados ás súas necesidades • Velar polo cumprimento dos seus dereitos • Ser atendidas por profesionais capacitados • Recibir un trato amable por parte da entidade • Capacitación para recibir atención telemática nos servizos
Familiares das persoas usuarias	• Asesoramento e información • Recibir servizos de calidade axustados ás súas necesidades • Ser atendidas por profesionais capacitados • Recibir un trato amable por parte da entidade • Comunicación clara e fluída sobre a situación • Capacitación para recibir atención telemática nos servizos
Profesionais das entidades	• Clima laboral agradable para traballar e un trato amable • Remuneración xusta • Formación adecuada para desenvolver as súas funcións no posto
Financiadores	• Xustificar e dar visibilidade ás súas achegas • Transparencia, publicidade das accións, feedback do realizado • Xustificacións económicas e técnicas acorde coas convocatorias
Administración pública	• Dar cobertura ás necesidades do grupo de persoas coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual e ás súas familias • Ofrecer un servizo de calidade e que cumpra con tódolos requisitos normativos establecidos • Cumprimento da lexislación, normativa, etc. • Adaptación á administración telemática
Centros educativos	• Boa coordinación da entidade Down para a inclusión das persoas usuarias • Orientación e apoio para resolución de situacións que xurdan nas persoas usuarias • Apoio, asesoramento e formación ao profesorado e comunidade educativa para favorecer a inclusión educativa
Empresas colaboradoras con Emprego Con Apoio	• Comunicación clara dos servizos durante todo o proceso de colaboración • Que o contrato ou formación práctica sexa óptima para a empresa

Down España	• Representar os valores e principios aos que as entidades Down de Galicia están comprometidas, como entidades que forman parte de Down España • Capacitación en atención telemática para as persoas usuarias das entidades
Redes de traballo	• Colaboración activa nos proxectos e na comunicación coas administracións para a mellora da calidade de vida de tódolos colectivos de persoas con discapacidade • Participación nas reunións
Provedores	• Manter unha boa comunicación constante • Puntualidade no pago e no cumprimento das condicións do contrato

A Federación e as súas entidades teñen un claro enfoque cara a persoa usuaria. A promoción da súa autonomía persoal é o obxectivo global que dá soporte a todas as súas actuacións. A integración da calidade na súa atención implica que todo se fai sobre as bases dunha mellora continua, planificando as actuacións e analizando os riscos para garantir a sustentabilidade da Federación e as súas entidades membro e que neste labor participan conxuntamente xuntas directivas, persoal directivo e persoas traballadoras.

A presidencia de Down Galicia comprométese a despregar o Sistema de Xestión de Calidade integral na Federación e entidades membro poñendo todos os medios necesarios para iso.

Esta política de calidade foi revisada e aprobada na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 25/05/2024 da Federación Down Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2024

Fdo.: D. Delmiro Prieto González
PRESIDENTE DOWN GALICIA